

Enfrontámonos ao estudo dunha lingua, algo novo para nós. A vantaxe é que todos partimos de cero, non hai escusas, non podemos escudarnos na mala base da ESO. Como dificultade engadida, o alfabeto, algo ao que nos vai custar afacernos.

O segredo do éxito está en traballar un pouquiño cada día, estar atentos e non faltar a clases.

Daremos unas pautas do que se vos vai pedir e cómo; de cómo van ser as probas, que criterios se empregarán para cualificalas, que método imos seguir.

Para comezar, dicir que a profesora estará para aclarar dúbidas, para guiar ao alumnado e marcar algo o ritmo de traballo; pero son os alumnos os que, seguindo o método *Athénaze*, case autodidacta, deben ir avanzando ao longo do curso no estudo do grego clásico.

Haberá unha proba ao rematar cada tema e un exame de avaliación. A nota de avaliación será o resultado de achar a media entre a media das probas e o exame de avaliación.

Atención: non hai recuperacións. Só a final de curso todos os alumnos farán unha proba global de mínimos no que entrará toda a materia: ese será o exame de recuperación para os que non estiveran aprobados a final de curso.

A nota de cada avaliación é un informe para que o alumnado e os seus pais saiban cómo vai indo o traballo, pero a nota que constará no expediente e a que dará o resultado final é a de xuño; polo tanto, non hai medias: é avaliación continua.

Neste caderno que utilizaremos como libro de texto atoparemos exames tipo case de cada tema. Todos son moi parecidos: tradución de frases e textos, algunha pregunta sobre morfoloxía e sintaxe, unha pregunta de cultura e unha de etimoloxías. A tradución suporá sobre un 70% da nota en cada proba, pero non se admitirá obter cero puntos nas cuestións de cultura e etimoloxía.

Fixémonos agora no que será penalizado: en cada tema hai unas estruturas a estudar que van aparecer nas frases: se un alumno fai unha tradución libre pero demostrando non apreciar a estrutura toda a frase que anulada. Por exemplo, se estamos estudando a diferenza entre singular e plural, non será válida a tradución da frase en plural se estaba en singular.

O estudo do vocabulario de cada tema será imprescindible para realizar as probas.

Que non aparezan nas probas exercicios de palabras para declinar ou conxugar non quere

RECURSOS

Para o método *Athénaze* hai na rede múltiples e variados recursos :

<http://athenaze.wikispaces.com/>

<http://aliso.pntic.mec.es/agalle17/Athenazecast/Athenaze%20Greek%20Exercises.htm>

<http://www.quia.com/pages/mgarrido/page2>

<http://athenazegriego.blogspot.com.es/>

Diccionario grego vox:

<http://es.scribd.com/doc/23795125/Diccionario-Vox-Griego-Clasico-Espanol>

A detailed map of ancient Greece. The landmasses are colored yellow, and the surrounding seas (Mediterranean, Aegean, Ionian) are blue. Major regions labeled include MACEDONIA, EPIRO, TESALIA, BEOCIA, EUBEA, ÁTICA, and PELOPONESO. The Cordillera del Pindo is shown as a mountain range. Numerous islands are labeled, including LESBOS, QUIOS, JONIA, SAMOS, DELOS, EGINA, CÍCLADAS, COS, DODECANESO, RODAS, and CRETA. Key cities marked with red dots are Troy, Focea, Éfeso, Mileto, Atenas, Tebas, Delfos, Corinto, Micenas, Olimpia, Argos, Esparta, and Cnosos. The mountain Olimpo is marked with a triangle and its elevation of 2.917 m. Symbols for cities (red dot) and sanctuaries (red temple icon) are provided in a legend at the bottom left. An inset map shows the location of ancient Greece within the broader context of the Eastern Mediterranean.

Distiguimos:

1.-Continente: Grecia septentrional e Grecia Central.

2.-Peloponeso, separado da Ática polo estreito de Corinto.

1.- Illas xónicas ou Heptaneso: Ítaca

2.- Illas do Exeo:

a-Cícladas: No centro. (Delos, Tera/Santorini, Míconos...)

b-Espóradas: No noroeste,

c.-Illas do golfo Sarónico Salamina, Exina, Poros, Hidra

d-Dodecaneso: No suroeste. Rodas, Cos...

e-Illas do Noreste: Samos, Quíos, Lesbos, Lemnos...

3.- Grandes illas: Creta, Eubea e Chipre.

Colonizada a comezos do 1º milenio: Esmirna, Troia, Éfeso, Mileto, Halicarnaso.

Case todos os lugares da Grecia actual nos lembran un mito, unha batalla, un escritor famoso, un santuario: O monte Olimpo, Delos, a patria de Apolo e Diana, a batalla de Salamina...

http://www.youtube.com/watch?feature=player_embedded&v=JOPjQ22wKww

<http://www.united-hellas.com/tourism/ionian/index-gr.htm>

O primeiro intento de escritura en lingua grega foi o silabario micénico ou LINEAL B, moi deficiente, pero un avance: foi a adaptación que fixeron os gregos micenios ou aqueos do silabario LINEAL A, non indoeuropeo.

O alfabeto:

O alfabeto fenicio supón unha innovación. O fenicio arcaico comprende 22 letras, única-mente consoantes, e está libre xa de elementos ideográficos e de toda pegada de silabismo.

Os gregos adaptaron este siste-ma de escritura, transforman-do algunhas consoantes en vo-cais. Tamén variaron a direc-



Taboíña micénica: LINEAL B

ción de algunhas letras e xeneralizaron o costume de escribir de esquerda a dereita. Adóitase datar cara ao 900 a. C. De todos xeitos houbo varias adapta-cións. O alfabeto oriental será o que estudemos, pero o latino foi tomado po-los etruscos do grego occidental.

O alfabeto latino é un dos alfabetos locais que os etruscos tomaron do grego. Diferénciase deste non só na forma das letras, senón tamén no seu emprego.

A α	a alfa	N ν	n ny
B β, β	b beta	Ξ ξ	x xi
Γ γ	g gamma	Ο ο	δ ómicron
Δ δ	d delta	Π π	p pi
Ε ε	ě épsilon	Ρ ρ	r rho
Ζ ζ	ds zeta	Σ σ,ς	s sigma
Η η	ē eta	Τ τ	t tau
Θ θ	th theta	Υ υ	y úpsilon
Ι ι	i iota	Φ φ	f fi
Κ κ	k kappa	Χ χ	j ji
Λ λ	l lambda	Ψ ψ	ps psi
Μ μ	m my	Ω ω	ō omega

NOTA: A sigma minús-cula escríbese σ agás a final de palabra que se grafía -ς.

Os científicos nomean as letras doutro xeito: a the-ta como teta ou tita, á mü mu...

Pode que cando vexas textos escritos atopas dificultades, e moito máis se están escritos a man: estamos comezan-do a ler e a escribir cun sistema diferente e, ao principio, é algo compli-cado. lembra que che sucedeu o mesmo cando eras cativo!


O grego moderno segue a empregar o mesmo alfabeto: aprovéitao!

ΓΡΑΜΜΑ ΣΤΟΝ ΑΓΓΕΛΟ.

Αγαπητέ Αγγέλο.

Δεν ξέρω αν ε' αφήσει η Τρόικα φέτος να περάσεις από την Ελλάδα, αλλά επειδή έχεις μεγάλη καρδιά, αν τους την κάνεις χω-

· Ψείρα σε όλους τους ανθρώπους "Χριστέ Χριστέ Βασίλη,
λ. Αχάτη και ειρήνη τριαντάφωτο! Φέτος ήταν πολύ καλό



Miles de nenos gregos están aprendendo canda ti o mesmo alfabeto. Se tes curiosidade por ver as diferenzas de pronuncia entre o grego moderno co clásico podes velo neste vídeo (está en español): <http://www.youtube.com/watch?v=6eez8SDGSc0>



ΑΘΗΝΑΙ Ἀθηναί	ΑΙΝΙΓΜΑ αἰνίγμα	ΑΡΩΜΑ ᾶρωμα
ΑΓΓΕΛΟΣ ἄγγελος	ΒΑΡΒΑΡΟΣ βάρβαρος	ΔΗΜΟΣ δήμος
ΔΗΜΟΚΡΑΤΙΑ δημοκρατία	ΣΩΤΗΡΙΑ σωτηρία	ΦΙΛΟΣΟΦΙΑ φιλοσοφία
ΔΙΑΔΗΜΑ διάδημα	ΔΙΠΛΩΜΑ δίπλωμα	ΔΟΓΜΑ δόγμα
ΕΚΚΛΗΣΙΑ ἐκκλησία	ΤΡΑΓΩΔΙΑ τραγωδία	ΚΩΜΩΔΙΑ κωμωδία
ΙΔΙΩΜΑ ἰδίωμα	ΘΕΩΡΗΜΑ θεώρημα	ΠΡΟΒΛΗΜΑ πρόβλημα
ΠΟΙΗΤΗΣ ποιητής	ΣΟΦΙΣΤΗΣ σοφιστής	ΣΤΡΑΤΙΩΤΗΣ στρατιώτης
ΒΙΟΣ βίος	ΣΟΦΟΣ σοφός	ΦΙΛΟΣ φίλος
ΑΘΛΗΤΗΣ Ἀθλητής	ΜΑΘΗΤΗΣ μαθητής	ΔΙΚΑΣΤΗΣ δικαστής
ΓΥΜΝΟΣ γυμνός	ΚΟΣΜΟΣ κόσμος	ΠΑΘΟΣ πάθος

Deletrea e despois le estas palabras e cópiaas no cader-
no para practicar a lectura.

Os doce deuses do Olimpo

Ζεύς Iuppiter

Άρτεμις

Άθηνά

Ποσειδών

Άφροδίτη

Άρης Marte

Άπόλλων

Ήφαιστος

Έρμης

Πλούτων

Διόνυσος

Δημήτηρ

ATENCIÓN:

-En grego antigo hai tres acentos: agudo (´), grave (`) e circunflexo (ˆ).

-Nas palabras que comezan por vocal, sobre ela (ou antes, se é maiúscula), aparece un signo coñecido como espírito:

O espírito áspero (ά) indica que a vocal se pronuncia con aspiración e o espírito suave (ὰ) sen ela. A aspiración transcríbese por “h”: hiper- de ὑπερ, por exemplo, hipertensión. Se hai ditongo vai sempre sobre a segunda vogal, sempre pechada.

- γ, diante de γ, κ, ξ, χ, pronúnciase “n”: ἄγγελος pronúnciase ángeles

- υ, en ditongo, pronúnciase como a u galega. O ditongo ou pronúnciase u. Exemplos: αὐλός, οὐρανός : aulós; uranós



ACTIVIDADES:


Primeiro escribiuse en letras capitais ou maúsculas, logo, cando o soporte foi papiro e pergameo, comezáronse a empregar as minúsculas. Fíxate por onde debes comezar a escribir, é fundamental para unha boa caligrafía. Con este vídeo podes practicar.

http://www.youtube.com/watch?v=ZKzPHtdm8-U&feature=player_embedded

1.- Copia algunhas palabras do ejercicio seguinte. Traza antes dúas liñas para encadrar as letras.

2.-Deletrea as seguintes palabras logo practica a pronuncia imitando á túa profesora: escribe a carón da palabra en minúsculas a mesma en mayúsculas. Que palabras che suxiren?

- | | |
|-------------|------------|
| • αἶνιγμα | θεώρημα |
| • ἀξίωμα | ιδίωμα |
| • ἄρωμα | κίνημα |
| • ἀσθμα | κλίμα |
| • γράμμα | κόμμα |
| • δέρμα | μάθημα |
| • διάδημα | μιάσμα |
| • διάγραμμα | νόμισμα |
| • δίλημμα | ὄνομα |
| • δίπλωμα | πλάσμα |
| • δόγμα | πνεῦμα |
| • δρᾶμα | ποίημα |
| • ἔμβλημα | πρίσμα |
| • θέμα | προβλήματα |



Pronunciamos o grego segundo Erasmo de Róterdam (pronucia erasmiana) que é a que predomina, aínda que hai profesores que optan pola pronuncia moderna.

NA REDE

<http://www.slideshare.net/ovando/leer-griego?type=powerpoint>

<http://www.youtube.com/watch?NR=1&feature=endscreen&v=bBalGcBhhjQ>

Para practicar na casa <http://lexiquetos.org/quis/hean.htm>

O ARTIGO

	Singular			Plural		
	Masc.	Fem.	Neutro	Masc.	Fem.	Neutro
Nom.	ὁ	ἡ	τό	οἱ	αἱ	τά
Acus.	τόν	τήν	τό	τούς	τάς	τά
Gen.	τοῦ	τῆς	τοῦ	τῶν	τῶν	τῶν
Dat.	τῷ	τῇ	τῷ	τοῖς	ταῖς	τοῖς

Só hai artigo determinado, que nos será de gran axuda, por iso convén aprendelo dende un principio. A ausencia de artigo correspondería co noso indeterminado.

2ª declinación

Caso	Masc./fem.		Neutro	
	Sing.	Plural	Sing.	Plural
N.	βίος	βίοι	μέτρον	μέτρα
V.	βίε	βίοι	μέτρον	μέτρα
A.	βίον	βίους	μέτρον	μέτρα
G.	βίου	βίων	μέτρου	μέτρων
D.	βίῳ	βίοις	μέτρῳ	μέτροις

1ª declinación

PRIMERA DECLINACIÓN TEMA EN -Α					
CASOS	SINGULAR				
	FEMENINO			MASCULINO	
	α pura	α impura	η	ας	ης
Nominativo	ἡμέρα	δόξα	κεφαλή	νεανίας	πολίτης
Vocativo	ἡμέρα	δόξα	κεφαλή	νεανία	πολίτα
Acusativo	ἡμέραν	δόξαν	κεφαλὴν	νεανία	πολίτην
Genitivo	ἡμέρας	δόξης	κεφαλῆς	νεανίου	πολίτου
Dativo	ἡμέρᾳ	δόξῃ	κεφαλῇ	νεανίᾳ	πολίτῃ
CASOS	PLURAL				
	FEMENINO			MASCULINO	
	α pura	α impura	η	ας	ης
Nominativo	ἡμέραι	δόξαι	κεφαλαί	νεανίαι	πολίται
Vocativo	ἡμέραι	δόξαι	κεφαλαί	νεανίαι	πολίται
Acusativo	ἡμέρας	δόξας	κεφαλὰς	νεανίας	πολίτας
Genitivo	ἡμερῶν	δοξῶν	κεφαλῶν	νεανιῶν	πολιτῶν
Dativo	ἡμέραις	δόξαις	κεφαλαῖς	νεανίαις	πολίταις